



Transferencia de Crédito 031T/19 (65/19)

Expte. Cividas: 2019032901

TR – 031T/2019

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, do 02 de setembro (ref: 202/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda en data 02/09/2019.

Emitido informe de control financeiro pola Intervención Xeral en data 10 de setembro de 2019 (ref: 31-T/19), no que informa a transferencia de crédito nº 31 indicando que “A proposta de transferencia de crédito número 31 en tramitación, adecúase á lexislación vixente aplicable na materia.

Con independencia do exposto, a Intervención municipal desexa facer constancia que no suposto que motiva este informe, resultan concorrentes as mesmas circunstancias que se apreciaron na tramitación da transferencia núm. 28, no que atinxe a que unha bolsa de vinculación cede crédito logo de telo recibido doutra área de gasto mediante decreto de Alcaldía. En calquera caso, tendo en conta o escaso montante da transferencia proposta, escasamente superior ós 14.000,00 euros, non cabe afirmar coa mesma rotundidade a concorrencia dun suposto de desviación de poder, na súa modalidade de desviación de procedemento, tal e como así se informaba no expediente anteriormente citado”.

En relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Alcalde-Presidente, mediante Providencia, asinada en data 29/07/2019, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 031-T/2019, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de Gasto 9

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
130.9123.48900	Asignacións a grupos políticos municipais	14.433,47 €
Total Transf. Positivas:		14.433,47 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: PRJA14H1YHYBZN98



Aplicación	Descripción	Importe
230.9202.12100	Complemento de destino. Sistemas de Información	14.433,47 €

Total Transf. Negativas: **14.433,47 €**

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería de Persoal e RR.HH. para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

